

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

6802 *Real decreto 404/2013, do 7 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, polo que se regula a iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior.*

O Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, polo que se regula a iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior, establece os termos e condicións de aplicación do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior creado pola disposición adicional trixésima da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, cuxo obxectivo é apoiar financeiramente as actuacións orientadas á modernización, mellora da eficacia e eficiencia do comercio interior.

A conxuntura económica actual fai necesario mobilizar, con carácter urxente, os recursos dispoñibles co fin de favorecer en todos os seus aspectos a situación competitiva do comercio retalista e, en particular e con maior esforzo, das pequenas e medianas empresas do sector, moitas das cales, aínda sendo solventes e viables, se enfrontan a unha situación temporal de restrición de crédito.

Para paliar os problemas mencionados, e co fin de ofrecer ao pequeno e mediano comercio un marco de axudas e de acceso a elas máis favorable, que ofrezca unha tramitación máis simplificada e áxil e, polo tanto, máis acorde coas especiais circunstancias económicas polas que atravesamos o noso país, modifícase o Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, polo que se regula a iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior.

A experiencia de convocatorias anteriores puxo de manifesto a dificultade de xestión que entraña a complexidade do procedemento recollido no Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, que supón, entre outros inconvenientes, unha demora excesiva na resolución e, xa que logo, na formalización dos préstamos polo beneficiario.

Para isto faise necesario modificar o artigo 1 do Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, para incluír de forma expresa as pequenas e medianas empresas, o artigo 3 para modificar o mecanismo de financiamento do Fondo, o artigo 4 para modificar o valor mínimo do proxecto de investimento e actualizar as categorías de proxectos financiados, o parágrafo 2 do artigo 6 para modificar os períodos de carencia, o número 5.e) do artigo 7 para adecualo á nova lexislación en materia de estabilidade orzamentaria, o número 1 do artigo 8 para establecer o prazo de resolución e o sentido do silencio administrativo, o artigo 9 para precisar os prazos de execución dos investimentos, o parágrafo 1 do artigo 11 para modificar a penalización por cancelación obrigatoria, o número 3 do artigo 10 para incluír a Secretaría de Estado de Comercio e, finalmente, os artigos 6 e 13 para adecuar o texto á nova estrutura dos departamentos ministeriais.

Así mesmo, inclúese unha nova disposición derradeira relativa á vixencia do Fondo.

A Conferencia Sectorial de Comercio Interior, reunida o 2 de xullo de 2012, outorgou maioritariamente a súa aprobación a estas modificacións, dado que non supoñen menoscabo das súas competencias en materia de comercio interior.

Tamén foron consultados a Confederación Española de Comercio, o Consello Superior de Cámaras e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Por outra parte, este real decreto foi obxecto de informe pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos na súa reunión do 9 de maio de 2013.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, polo que se regula a iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior.*

O Real decreto 1786/2009, do 20 de novembro, polo que se regula a iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. Esta iniciativa ten por finalidade apoiar financeiramente as actuacións orientadas á modernización, mellora da eficacia e eficiencia do comercio interior e, en particular, das pemes deste sector.»

Dous. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Recursos da iniciativa de apoio financeiro á modernización e mellora do comercio interior.*

1. Os recursos desta iniciativa canalizaranse a través do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior, adscrito á Secretaría de Estado de Comercio, xestionado por esta e cuxa administración financeira levará a cabo o Instituto de Crédito Oficial (ICO).

2. A Secretaría de Estado de Comercio utilizará, para dotar as convocatorias da liña de financiamento, os recursos procedentes de amortizacións de préstamos xa concedidos, así como o remanente, se o houber, procedente de convocatorias anteriores. Estes recursos deberanse encontrar na conta habilitada no ICO para a administración do Fondo. A este respecto, o ICO deberá certificar a contía dos remanentes e amortizacións e a Secretaría de Estado de Comercio deberá emitir compromiso explícito do destino dos fondos á dotación desta liña de financiamento.

3. O Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior extinguirase unha vez consumidos na súa totalidade os fondos remanentes, así como os recursos procedentes da amortización dos préstamos concedidos.

4. En calquera caso, a actividade do Fondo axustarase de modo que non presente necesidade de financiamento medida segundo o Sistema europeo de contas nacionais.»

Tres. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Proxectos financiáveis.*

Os proxectos de investimento que se presenten para seren obxecto de financiamento deberanse realizar no territorio nacional, ter un valor mínimo de 30.000 euros e enmarcarse nalgunha das categorías seguintes:

1. Implantación, innovación e financiamento das pequenas e medianas empresas do sector comercio, e do sector de prestación de servizos de atención a menores, persoas maiores e dependentes.

a) Gastos e investimentos derivados da apertura de novos establecementos comerciais, da especialización ou da innovación, así como os destinados á prestación de servizos de atención a menores, persoas maiores e dependentes.

b) Obras de reacondicionamento e modernización de establecementos comerciais existentes.

c) Implantación de sistemas de tecnoloxías da información, comunicacións, seguridade e eficiencia enerxética.

Calquera proxecto enmarcado nalgunha das categorías anteriores poderá incluír o financiamento de gastos correntes tales como nóminas, alugamentos, pagamentos a provedores e adquisición de mercadoría cun límite de ata o 50 % do importe do financiamento solicitado. Este tipo de financiamento estará inescusablemente vinculado a un proxecto de investimento incluído nalgunha das categorías recollidas nas letras a), b) ou c).

2. Constitución ou consolidación de centros comerciais abertos e mellora das infraestruturas que incidan favorablemente no comercio urbano de proximidade.

a) Peonalización de rúas: pavimentación, iluminación, mobiliario urbano, ornamentación, sinalización e sistemas de xestión informatizada.

b) Seguridade: implantación e renovación de sistemas de seguridade dos centros comerciais abertos e dos seus establecementos.

c) Supresión de barreiras arquitectónicas e facilidades para o estacionamento de vehículos de clientes, así como outras obras de adecuación para dotar os centros das condicións básicas de accesibilidade universal.

d) Creación de áreas loxísticas de repartición e distribución de mercadorías en zonas comerciais que teñan por obxecto paliar os problemas de carga e descarga, así como a loxística inversa, para reducir a contaminación e a proliferación de contedores de lixo nas zonas céntricas das cidades.

e) Constitución e posta en marcha de novos centros comerciais abertos, consolidación dos xa existentes ou transformación en centros comerciais abertos de asociacións preexistentes, así como os gastos de constitución dos entes xurídicos que os soporten.

3. Creación de novos mercados municipais retallistas ou remodelación dos existentes que non implique modificación da actividade orixinal, modernización dos seus postos de venda ou instalación de calquera elemento necesario para a mellora da súa actividade comercial.

4. Creación e/ou acondicionamento de locais municipais de usos múltiples para a actividade comercial nas zonas rurais.

a) Multiservizos rurais. Establecementos mixtos, comercio, restauración, turismo e cultura que dean un servizo de proximidade en materia de equipamento comercial e recreativo básico en municipios que, pola súa pequena dimensión, non poidan soste estas actividades desde a iniciativa exclusivamente privada.

b) Establecementos que sirvan como viveiros de empresas para iniciativas de comercio innovadoras no seu concepto ou promovidas en zonas de baixa densidade de poboación, onde se deba incentivar a aparición de comercio concentrado nun punto para crear unha polaridade comercial. Primarase, en particular, a realización daqueles proxectos que inclúan un conxunto de produtos e servizos diversos.

5. Acondicionamento de espazos para a venda non sedentaria e provisión de servizos neles.

A Conferencia Sectorial de Comercio Interior poderá acordar novas categorías de proxectos financiáveis, en liña cos criterios deste real decreto.

Excepcionalmente, poderase dedicar o 25 % da dotación do Fondo ao financiamento de proxectos desta natureza que se leven a cabo en lugares afectados por desastres naturais.»

Catro. Os números 1 e 2 do artigo 6 quedan redactados do seguinte modo:

«1. As modalidades de financiamento consistirán en préstamos sobre un máximo do 80 por cento do valor do proxecto, cunha contía límite como valor do proxecto de 800.000 euros e un tipo de xuro que será fixado anualmente por orde

do ministro de Economía e Competitividade, logo de acordo da Comisión Delegada para Asuntos Económicos, sobre a base do tipo de referencia ICO.

2. Os prazos de amortización serán de cinco e sete anos, con posibilidade dun ano de carencia de principal e de dez anos con posibilidade de dous anos de carencia de principal.»

Cinco. Os subpuntos ii) e iii) do artigo 7.5.e) quedan redactados do seguinte modo:

«ii) Non estar incurso en ningún dos supostos regulados no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, nin nos regulados no artigo 13.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

iii) Autorización preceptiva do órgano que exerce a tutela financeira, en caso de estar incurso nalgún dos supostos regulados no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ou nos regulados no artigo 13.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Seis. O número 1 do artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«1. De acordo co adoptado pola Conferencia Sectorial de Comercio Interior, corresponderá a cada unha das comunidades autónomas ditar resolución definitiva que autorice ou denegue a concesión dos préstamos con cargo ao Fondo, correspondentes ás solicitudes do seu ámbito territorial, nun prazo máximo de tres meses contados desde a publicación da convocatoria. A dita resolución, que será motivada, determinará a contía outorgada e porá fin á vía administrativa.

A teor do establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o silencio administrativo terá sentido desestimatorio.»

Sete. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Prazo de execución dos investimentos.*

Os investimentos financiáveis deberán estar realizados no prazo máximo de catro anos desde a percepción do financiamento concedido, se o montante deste for igual ou superior a 300.000 euros e, de dous anos, se for inferior a esta cantidade.»

Oito. O número 3 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«3. Semestralmente, o ICO remitirá á Secretaría de Estado de Comercio un informe de avaliación e incidencias da liña de financiamento. A Secretaría de Estado remitirá copia del ás correspondentes comunidades autónomas.»

Nove. O número 1 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«1. O incumprimento da aplicación do préstamo aos investimentos propostos dará lugar á incoación pola comunidade autónoma do procedemento de reintegro das cantidades obxecto de préstamo, cunha comisión dun 2 % aplicable unha soa vez sobre o importe a amortizar anticipadamente.»

Dez. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Convenio co ICO.*

O Ministerio de Economía e Competitividade e o ICO formalizarán un convenio de colaboración en que se recollerán as condicións de cesión, para a súa administración financeira, ao ICO do Fondo Financeiro do Estado de Axuda ao Comercio Interior, así como a remuneración ao ICO pola súa administración financeira, se procede.»

Disposición derradeira primeira. *Vixencia do Fondo.*

O Consello de Ministros, atendendo ás circunstancias económicas e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá acordar a extinción e liquidación do Fondo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO